



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272

ANUNCIO



D^a Rocío López García, Alcaldesa – Presidenta do Concello de Lourenzá,

FAI SABER:

Que tras escrito recibido neste Concello procedente de Augas de Galicia, infórmase que se simplifica o proceso para autorizar actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico que se indican a continuación:

- a) retirada de árbores mortas e podas de árbores que impidan accesos á canle ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substato arbóreo da ribeira.
- b) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que reduzan a capacidade da canle
- c) Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan a canle e especialmente nas obras de paso sobre ela, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.
- d) Mantemento das seccións de mediación de caudais das redes oficiais de estacións de mediacións.

Sendo suficiente que os promotores / as das actuacións descritas existiren en Augas de Galicia unha declaración responsable, axustada ao modelo definido, cun mínimo de quince días hábiles antes de iniciar a actuación para que poida comprobarse a súa compatibilidade cos usos previstos . Este prazo comeza a contar dende a data na que a declaración responsable teña entrada en calquera dos rexistros de Augas de Galicia.

A tramitación desta declaración pode facerse a través do propio Concello de Lourenzá, onde se lles informará detalladamente do procedemento ; asimismo pódese descargar a devandita declaración na páxina web de Augas de Galicia <http://augasdegalicia.xunta.es> , ou ben en calquera das oficinas de Augas de Galicia.

Lourenzá, 20 de xullo de 2015

